

# Asociación Deportiva DARDOS GALICIA.



## SANCIÓN E RECLAMACIÓN

TEMPADA 2011-12

WEB: [www.addardosgalicia.com](http://www.addardosgalicia.com)  
Email: [info@addardosgalicia.com](mailto:info@addardosgalicia.com)

1. Cando un equipo ou xogador sexa sancionado dúas veces polo mesmo motivo (o que sexa) poderá ser expulsado ou apartado temporalmente da competición y/o entidade, non tendo dereito a premio algún, nin a compensación económica si existise.
2. A organización poderá ademais, como máxima pena, decidir a non admisión do equipo ou xogador/es para as próximas tempadas.
3. Serán motivos de sancións leves:
  - 3.1. Os equipos que nunha xornada coa condición de local non comuniquen o resultado da xornada por sms dentro do prazo esixido, figurarán como non presentados á mesma. Resultado de 0-7 sen punto por partida perdida.
  - 3.2. Os equipos que no momento da partida non teñan dianas supervisadas e selladas pola asociación, resultado de 0-7 sen punto por partida perdida.
  - 3.3. Non xogar co uniforme do equipo nunha partida ou evento, sanción de 2 partidos para o xogador.
  - 3.4. O xogador que non apunte a partida correspondente nun evento, sanción de 1 partido ao xogador e a perda dos puntos ou premios acumulados no evento.
4. Serán motivos de sancións graves:
  - 4.1. Non acudir a unha reunión de Delegados (todas son obrigatorias), penalización de 3 puntos ao equipo.
  - 4.2. Non se presentarse, como equipo, a xogar partida oficial dentro dos prazos previstos, penalización de 3 puntos ao equipo e resultado de 7-0 ou 0-7 favorable ao equipo rival, dependendo da condición de local ou visitante do equipo que non se presente. O equipo que non se presente non recibirá o punto pola partida perdida.
  - 4.3. Por non gardar o máximo decoro, respecto e comportamento, sanción ao xogador de 3 a 9 partidos.
  - 4.4. Os equipos que non presenten as actas de xogo nos prazos indicados, penalización de 3 puntos ao equipo. Ata que a acta non sexa presentada considerarase que o equipo local non se presentou á partida, aplicándose ademais desta sanción a correspondente regulada no punto 4.2
  - 4.5. Aliñación indebida de xogadores, xa sexa por ter sancións pendentas, falta de carnet de socio, etc., penalización de 3 puntos ao equipo e resultado de 7-0 ou 0-7 favorable ao

equipo rival, dependendo da condición de local ou visitante do equipo infractor.

- 4.6. Falsidade nas Actas Oficiais (números de ficha, resultados, peches, etc.), o equipo será apartado directamente da competición.
  - 4.7. Disputar partidas fora das datas indicadas no calendario de xogo sen notificalo á asociación con antelación, a partida será considerada nula, e penalización de 3 puntos a cada equipo.
  - 4.8. Fumar, comer ou beber dentro da cancha de xogo durante a partida, sanción de 3 partidos para o xogador.
5. Serán motivos de expulsión directa ou privación temporal da condición de asociado para locais, equipos e xogadores, trala valoración do Comité de Competición:
- 5.1. Non respectar as normas de comportamento nos eventos realizados pola entidade.
  - 5.2. Non cumprir cos apartados dos estatutos da entidade.
  - 5.3. Rifas ou pelexas organizadas no transcurso dunha partida entre xogadores e/ou espectadores.
  - 5.4. Consumo de drogas por parte dun xogador no lugar de xogo.
  - 5.5. Permisividade, por parte dos locais, de consumo de drogas no mesmo durante o transcurso das partidas oficiais.
  - 5.6. A falta de compromiso dun socio coa asociación, comportamentos que afecten á marcha dos fins da Asociación Deportiva DARDOS GALICIA.
6. Os mércores, o Comité de Competición tomará medidas sobre posibles actos punibles e os publicará na web da asociación o día seguinte.
7. Calquera equipo ou xogador que sexa sancionado pola organización, poderá interpoñer recurso mediante escrito ante a mesma nun prazo máximo de **cinco días hábiles** de ser imposta a sanción. **Os cinco días contan dende a publicación da sanción na web.**
8. Soamente o Comité de Competición poderá efectuar impugnación sobre o resultado dun encontro dunha partida de dardos.
9. Cando durante o transcurso dun partido xurda un **problema grave**, que non se solucione satisfactoriamente polos

responsables dos equipos e cuxa resolución poida afectar ao resultado de devandito partido, farase constar no acta do encontro ben sexa o problema ou a desconformidade por parte dos equipos. Neste último caso, de maneira obrigada se comunicará ao Comité de Competición por escrito explicando detalladamente a situación e este emitirá unha resolución. O acta da partida deberá reflexar o desacordo ben non estando firmada por algún dos capitáns dos equipos imprecados ou explicando nas observacións que se remitirá escrito á asociación. O prazo para presentar dito escrito de alegacións será de 10 días naturais.

10. Soamente serán recoñecidos pola organización, aquelas reclamacións ou informes que sexan comunicados por escrito.
11. No caso que a asociación expoña nas canchas de xogo dos locais asociados a súa publicidade, por acordos ou outros, estará prohibido quitala. De ser retirada, o local será expulsado ou apartado temporalmente da entidade. Se sucede isto ao equipo se lle asignará un local provisional e no caso que se retire das competicións non terá ningún dereito na competición, becas nin tampouco a súa inscrición. Ase mesmo, os dereitos de imaxe dos socios, persoas de eventos, público... quedan cedidos para o seu uso exclusivo (páxina web, prensa, carácter publicitario, etc.) na asociación.
12. Nos casos non reflectidos e que se puidesen producir, a asociación resérvase o dereito total de sanción e a forma de aplicala, sempre en beneficio e progreso do deporte dos dardos de punta de ferro.